



INFORMA

VALORACIÓN DE CIG-SAÚDE RESPECTO DA SINATURA DO CONVENIO DA SANIDADE PRIVADA DO ANO 2006

O pasado mes de maio do ano 2006, e logo de máis de dous anos de conflitos e mobilizacións, asinabamos un acordo para o convenio 2004-2005, acordo polo que se acadaban uns incrementos retributivos importantes como era unha subida dun 4% para o ano 2004 e do IPC real máis 1,25 puntos para o ano 2005 (o que supoñía unha porcentaxe de subida para o 2005 dun 4,95%), acadando ademáis o compromiso da parte empresarial de facer efectivo o pago dos atrasos relativos ao ano 2004 na nómina do mes de maio de 2006 e os relativos ao ano 2005 na nómina do mes de xuño de 2006. Evidentemente este logro non sería posible sen o apoio e o esforzo de todas as traballadoras e todos os traballadores en todas e cada unha das mobilizacións e folgas que se levaron a cabo durante este tempo e que supuxeron un enorme sacrificio para todas e todos. Pero unha vez máis demostrábase que a unión da clase traballadora é imprescindible para conquistar as melloras necesarias nos nosos postos de traballo.

Para este ano 2006, e dada a altura de ano á que nos atopabamos cando acadamos o acordo do convenio anterior, prantexabámonos a necesidade de chegar a un acordo satisfactoria de xeito inmediato, o máis pronto que fose posible, para actualizar os salarios de todos os traballadores afectados por este convenio provincial (que son moitos, pois afecta a todos os hospitais, laboratorios, e clínicas de todo tipo da provincia da Coruña), xa que tiveramos que acumular máis de dous anos sen ver actualizados os salarios. **O día 12 de setembro finalmente asinouse un preacordo para a sinatura do convenio 2006, sinatura que se fixo efectiva o día 19 de setembro**, e que incorporou importantísimo logro, desde o noso punto de vista, como foi **a inclusión no art. 29 do convenio da retribución do 100% da base reguladora nas situacións de baixa**, así como unha **subida salarial do IPC previsto para o ano 2006 máis 0,75%** (o que supón un 2,75% de suba pois o IPC previsto é un 2%) coa inclusión dunha cláusula de revisión salarial para, en caso de o IPC real superar o previsto, a diferenza deberá ser abonada por todas as empresas na nómina do mes de xaneiro de 2007. Inclúese así mesmo no preacordo que a actualización dos salarios e o abono dos atrasos faranse efectivos na nómina do mes de outubro do presente ano 2006.

A partir do mes de outubro de 2006 comezan as negociacións para o futuro convenio do 2007, para o que desde a Cig nos marcamos, entre outros, algúns **obxectivos importantes como son a necesidade de melloras en canto á xornada de traballo, regulación das gardas localizadas, melloras relativas á saúde laboral dos traballadores, ademáis, por suposto, do necesario incremento retributivo** para intentar dignificar os salarios de todas e todos. Seguro que co apoio de todas e todos acadaremos melloras importantes nas nosas condicións de traballo. A unión da clase traballadora é fundamental, é imprescindible para podermos seguir mellorando.